**DON JAVIER PASTOR DIAZ MOSQUERA, CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.**

**C E R T I F I C O :** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 18 de maio de 2026, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"7. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES VECIÑAIS DO CONCELLO DE FERROL DO ANO 2026, DA CORRESPONDENTE CONVOCATORIA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS (EXPEDIENTE CIVIDAS 2026009714). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Participación Cidadá, que textualmente di:

"Recibidas, de xeito verbal, as instrucións do concelleiro delegado de Contratación e Patrimonio, Organización Interna, Fomento, Emprego, Promoción Económica e Fondos Europeos para o inicio deste expediente de referencia, déixase constancia por escrito nos termos do artigo 36 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, informando o funcionario que subscribe o seguinte:

**Primeiro.-** O artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local establece literalmente que "*As Corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, lles facilitan a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso de medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsar a súa participación na xestión da Corporación ...*".

**Segundo.-** O artigo 232.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais establece literalmente que "*Na medida en que o permitan os recursos presupostados, o Concello poderá subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire ós seus gastos xerais como ás actividades que realicen*".

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno Local aprobou na sesión de data 13/02/2024 o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026 no cal se recollen as liñas estratéxicas de actuación, entre as que se atopa a Liña Estratéxica 6 – Participación Cidadá, que conta coa seguinte liña de subvención:

> LS 6.1 – Subvencións a entidades veciñais para actividades e programas de interese xeral que favorezan a dinamización veciñal nos barrios e nas parroquias e gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais.

Na dita liña especifícanse os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, que son os seguintes:

| | |
|---|---|
| Obxectivos que se pretenden | **Obxectivo 1:** Apoiar ás entidades veciñais co obxecto de potenciar o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral para a colectividade que complementen as ofertadas pola Administración Local |

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| | |
|---|---|
| coa súa aplicación | no ámbito das súas competencias.<br><br>**Obxectivo 2:** Apoiar a consolidación e a continuidade das entidades veciñais e favorecer o seu correcto funcionamento. |

| | |
|---|---|
| Efectos que se pretenden coa súa aplicación | - Cofinanciar actividades e programas de interese xeral para a colectividade que as entidades veciñais desenvolven ó longo do ano no seu respectivo ámbito territorial como mecanismo para complementar a actividade municipal e achegar o maior número de propostas de lecer e dinamización veciñal ós barrios e parroquias do término municipal de Ferrol.<br><br>- Contribuír ó sostemento dos gastos ordinarios de funcionamento das entidades veciñais para garantir a súa continuidade e o seu funcionamento en defensa dos intereses xerais da veciñanza. |

**Cuarto.-** O artigo 1 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol (BOP da Coruña nº 200, de 21/10/2019), modificada por acordo plenario de data 29/07/2024 (BOP nº 191, de 03/10/2024), establece as bases reguladoras xerais do procedemento de concesión de subvencións por parte do Concello de Ferrol nos temos establecidos no artigo 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Quinto.-** As bases reguladoras que se achegan como **ANEXO 1** á presente proposta contemplan as seguintes liñas de axuda para o ano 2026:

| Liñas de axuda | Finalidade |
|---|---|
| Liña 1 | Actividades e programas de interese xeral que favorezan a dinamización veciñal nos barrios e nas parroquias. |
| Liña 2 | Gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais. |

**Sexto.-** A presente proposta de bases reguladoras formúlase de conformidade co previsto nos artigos 9 e 17 da Lei 38/2003, que regulan os requisitos para o outorgamento das subvencións e o contido mínimo das bases reguladoras da concesión de subvencións respectivamente, consonte o seu carácter de lexislación básica do Estado, respectando os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación previstos no artigo 8.3 do citado texto normativo e cumprindo o seu contido cos requisitos esixidos no artigo 14 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Sétimo.-** De acordo co previsto no artigo 17.2 da Lei 38/2003, a proposta de aprobación das bases reguladoras formúlase no marco da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol, marco de referencia ó que deben axustarse as bases reguladoras específicas que no seu caso acompañen á convocatoria de cada unha das diferentes liñas de subvencións, así como todos os procedementos de concesión das mesmas.

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

**Oitavo.-** O artigo 23 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, establece no apartado 1 que o procedemento de concesión de subvencións iniciarase de oficio, mentres que no apartado 2 dispone que a iniciación de oficio realizarase mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas.

O citado artigo 23.2 establece, ademais, que a convocatoria deberase publicar na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) de acordo co previsto no artigo 20.8 da dita lei, así como o contido que necesariamente debe ter a mesma.

**Noveno.-** A competencia para a aprobación das bases reguladoras e da convocatoria corresponde á Xunta de Goberno Local segundo o seu acordo adoptado na sesión de data 22/01/2024, a través do cal se modifica o acordo adoptado polo mesmo órgano con data 11/12/2023 sobre competencias reservadas á propia Xunta de Goberno Local (BOP da Coruña nº 23, de 31/01/2024) e, en particular, dar unha nova redacción ó apartado h) quedando do seguinte xeito:

> "*a aprobación da convocatoria (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións tramitados en réxime de concorrencia competitiva e adxudicación e aprobación do convenio regulador das subvencións nominativas e a aprobación e modificación do Plan Estratéxico de Subvencións*".

**Décimo.-** Na aplicación orzamentaria 01103-9241-48000 do orzamento municipal para o exercicio 2026, aprobado por acordo plenario de data 14/01/2026 (BOP da Coruña nº 10, de 16/01/2026), existe crédito suficiente e axeitado para facer fronte ós gastos derivados da convocatoria.

**Undécimo.-** A presente proposta de aprobación de bases reguladoras e convocatoria formúlase consonte á Instrución 2/2024 para a tramitación de bases específicas reguladoras de subvencións no Concello de Ferrol ditada con data 20/03/2024.

**Por todo o anterior, o funcionario que subscribe propón ó concelleiro delegado** de Contratación e Patrimonio, Organización Interna, Fomento, Emprego, Promoción Económica e Fondos Europeos (por delegación da Alcaldía de data 11/12/2023, BOP da Coruña nº 241, de data 20/12/2023) **que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordos:**

**PRIMEIRO.- Aprobar as Bases reguladoras específicas para a concesión de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol do ano 2026** que se achegan como **ANEXO 1** á presente proposta.

**SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña as Bases reguladoras específicas**.

**TERCEIRO.- Aprobar a convocatoria de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol do ano 2026** co texto que se achega como **ANEXO 2** á presente proposta.

**CUARTO.- Aprobar o gasto polo importe total de 150.000 € na aplicación orzamentaria 01103-9241-48000** segundo a seguinte desagregación:

| Liñas | Finalidade | Importe |
|---|---|---|

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| de axuda | | |
|---|---|---|
| Liña 1 | Actividades e programas de interese xeral que favorezan a dinamización veciñal nos barrios e nas parroquias. | 110,000.00 € |
| Liña 2 | Gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais | 40,000.00 € |

**QUINTO.- Remitir un extracto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)** para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Ferrol, asinado dixitalmente

O funcionario propoñente
Jorge Juan Pena Piñeiro,
xefe do negociado de Participación Cidadá

Examinado o informe-proposta e de conformidade coa mesma elévase á Xunta de Goberno Local. Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará os acordos que estime oportunos.

Javier Pastor Díaz Mosquera, concelleiro delegado de Contratación e Patrimonio, Organización Interna, Fomento, Emprego, Promoción Económica e Fondos Europeos

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

# ANEXO 1

# BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES VECIÑAIS DO CONCELLO DE FERROL DO ANO 2026

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

### I.- OBXECTIVOS E EFECTOS QUE SE PRETENDEN CONSEGUIR COA APLICACIÓN DO RÉXIME DE SUBVENCIÓNS

**O Concello de Ferrol ten entre as súas prioridades o apoio ás entidades veciñais do noso concello como motores e garantes da participación cidadá efectiva, así como contribuír a impulsar as relacións humanas e sociais entre a veciñanza dos barrios e das parroquias**.

As entidades veciñais que operan no ámbito territorial do Concello de Ferrol incrementaron substancialmente nos últimos anos a súa actividade social a través da programación de actividades con carácter estable ó longo do ano, contribuíndo dun xeito moi importante a dinamizar a vida social nos barrios e nas parroquias e a complementar a actividade municipal dentro do seu territorio de actuación.

Estas actividades que teñen vocación de permanencia ó longo do ano converten os locais sociais das entidades en verdadeiros centros de dinamización da vida social dos barrios e das parroquias.

Nos últimos anos, tanto o incremento da poboación como o incremento na demanda para participar nas actividades programadas anualmente polas entidades veciñais, están a ocasionar nos barrios máis poboados que determinadas entidades veciñais que teñen cedidos locais municipais deban afrontar novos gastos derivados do alugamento doutros locais para poder facer fronte ó desenvolvemento das ditas actividades co obxecto de evitar deixar á veciñanza do seu barrio sen actividades ó longo do ano ou de evitar limitar o número de prazas ofertadas nas mesmas por non dispoñer o local co que contan do espazo ou capacidade suficiente para o seu desenvolvemento.

Debido a isto é necesario reforzar a capacidade de autoxestión das entidades veciñais e o seu normal funcionamento co obxecto de que poidan cumprir as súas finalidades e, en especial, potenciar a continuidade dos programas de actividades que se desenvolvan con carácter estable e de interese xeral para a cidadanía como complemento á actividade municipal, que contribúan á dinamización da convivencia veciñal e á promoción da calidade de vida e de benestar social.

Por tal motivo, o Concello de Ferrol, no marco das súas competencias, destina importantes recursos económicos dirixidos ás asociacións veciñais, ás federacións e ás agrupacións destas para, consonte o previsto no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026 (aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/02/2024), cumprir os seguintes **obxectivos e efectos que se pretenden coa aplicación do réxime de subvencións:**

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

**Obxectivos**:

**Obxectivo 1:** Apoiar ás entidades veciñais co obxecto de potenciar o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral para a colectividade que complementen as ofertadas pola Administración Local no ámbito das súas competencias.

**Obxectivo 2:** Apoiar a consolidación e a continuidade das entidades veciñais e favorecer o seu correcto funcionamento.

**Efectos**:

**1.-** Cofinanciar actividades e programas de interese xeral para a colectividade que as entidades veciñais desenvolven ó longo do ano no seu respectivo ámbito territorial como mecanismo para complementar a actividade municipal e achegar o maior número de propostas de lecer e dinamización veciñal ós barrios e parroquias do termo municipal de Ferrol.

**2.-** Contribuír ó sostemento dos gastos ordinarios de funcionamento das entidades veciñais para garantir a súa continuidade e o seu funcionamento en defensa dos intereses xerais da veciñanza.

## II.- RÉXIME XURÍDICO

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas polo Concello de Ferrol está constituído polas leis e disposicións que de seguido se relacionan e polas súa normas de desenvolvemento, así como por cantas outras normas, legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de producir efectos no devandito ámbito:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, xunto co Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

– Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

– Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

– Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol (BOP da Coruña nº 200, de data 21/10/2019), modificada por acordo plenario de data 29/07/2024 (BOP nº 191, de 03/10/2024).

– Bases de execución do orzamento en vigor do Concello de Ferrol.

**III.- ÓRGANO COMPETENTE PARA O OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS**

O órgano competente para a resolución de concesión das subvencións será o concelleiro delegado de Contratación e Patrimonio, Organización Interna, Fomento, Emprego, Promoción Económica e Fondos Europeos, en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023, BOP da Coruña nº 241, de 20/12/2023.

**BASE PRIMEIRA – OBXECTO**

**1.1 -** A través destas bases o Concello de Ferrol establece as normas específicas no marco da ordenanza xeral de subvencións deste concello para regular o acceso a subvencións públicas, en réxime de concorrencia competitiva, daquelas entidades veciñais que teñan sede no termo municipal de Ferrol para a realización de actividades e programas de interese xeral e gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos seus propios fins, axustándose en todo caso ós principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade e non discriminación.

**1.2.-** O procedemento de concesión destas subvencións tramítase en réxime de concorrencia competitiva de acordo co disposto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**1.3.-** A través das presentes bases establécense as seguintes liñas de axuda:

| Liñas de axuda | Finalidade |
|---|---|
| **Liña 1** | Actividades e programas de interese xeral que favorezan a dinamización veciñal nos barrios e nas parroquias |
| **Liña 2** | Gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais. |

**1.4.- As actividades e programas de interese xeral que poden ser obxecto de solicitude de subvención dentro da Liña 1 deben estar encadrados nalgún destes bloques:**

| Bloque | Actividades e programas |
|---|---|
| **I** | **Actividades e programas de tipo físico:** |

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| | |
|---|---|
| | ximnasia, ioga, pilates, aerobic, etc. |
| **II** | **Actividades e programas de ocio e tempo de lecer que promovan espazos de convivencia e encontro:**<br>obradoiros de traballos manuais, restauración, música, lectura, danza, risoterapia, etc. |
| **III** | **Actividades e programas de tipo formativo e informativo á colectividade:**<br>obradoiros de xogos tradicionais, de recuperación da memoria histórica, xornadas de convivencia interxeracional, conferencias, coloquios, actividades de formación e información sociosanitarias, etc. |
| **IV** | **Actividades e programas sociais:**<br>eventos festivos, culturais e deportivos cuxo obxectivo sexa mellorar a convivencia, que non sexa obxecto de axudas municipais específicas e que favorezan a relación, a colaboración e a integración entre a veciñanza. |
| **V** | **Actividades e programas que fomenten a participación cidadá e o apoio a outros colectivos do barrio:**<br>debates, mesas redondas, asembleas, foros, campañas de sensibilización, tanto de temas relacionados coa problemática específica de cada barrio como doutros temas relacionados coa igualdade, sustentabilidade, condutas cívicas de limpeza, orde e coidado do barrio, atención a sectores con dificultades, fomento do voluntariado, educación e interculturalidade. |

**1.5.- Exclusións**

**Quedarán excluídas as seguintes actividades e gastos**:

| | |
|---|---|
| **1-** | As que obteñan subvención por parte doutra concellería do Concello de Ferrol e as que pola súa natureza ou obxecto poidan acollerse a outras convocatorias de subvencións realizadas polo Concello de Ferrol. |
| **2-** | Aquelas que a xuízo da Comisión de valoración prevista nas presentes Bases teña escasa relevancia ou carezan de interese xeral. |
| **3-** | As actividades nas que estea excluída a participación de persoas "non socias" da entidade. |
| **4-** | As actividades que requiran un desprazamento fóra da cidade ou teñan coma finalidade un interese comercial. |
| **5-** | Calquera gasto de natureza inventariable vinculado á actividade para a que se solicita subvención, como por exemplo: mobiliario, equipamentos informáticos, carteis exteriores de sinalización, xa sexan de madeira ou de calquera outro tipo de material, equipamentos audiovisuais, maquinaria, etc. |
| **6-** | O pagamento de cotas de afiliación a federacións ou a outras entidades, así como os gastos orixinados pola adquisición de revistas ou subscricións a canles de |

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| | |
|---|---|
| | televisión por pago, etc. |
| **7-** | As que teñan carácter discriminatorio de calquera tipo ou non favorezan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. |
| **8-** | As viaxes de ocio e os gastos de manutención realizados por persoal das entidades. |
| **9-** | As actividades de carácter confesional, nin as festas patronais nin as de carácter gastronómico, agás aquelas que teñan como obxectivo a promoción e a recuperación da cultura tradicional como son: San Xoán, Entroido e Magosto. |
| **10-** | Non serán obxecto de subvención os gastos propios da hostalería, nin produtos alimenticios, nin bebidas alcohólicas. Só nas festas tradicionais de San Xoán, Entroido e Magosto admitiranse gastos de produtos alimenticios típicos destas actividades. |

**BASE SEGUNDA – BENEFICIARIOS E DESTINATARIOS**

Poderán concorrer a estas subvencións todas as asociacións veciñais, as federacións e as agrupacións de asociacións veciñais que cumpran os requisitos e as finalidades recollidos nestas bases e que fomenten a participación entre os veciños e as veciñas con ámbito de actuación no termo municipal do Concello de Ferrol.

**BASE TERCEIRA – REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR OS BENEFICIARIOS PARA A OBTENCIÓN DA SUBVENCIÓN E FORMA DE ACREDITACIÓN DOS MESMOS**

As entidades beneficiarias das axudas deberán cumprir os seguintes requisitos e obrigas:

- Que teñan sede social no termo municipal de Ferrol e que estean inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol.
- Que de acordo cos seus estatutos teñan obxectivos e finalidades que sexan de interese veciñal e coincidentes co obxecto da subvención.
- Estar ó corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Ferrol, así como das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Non estar incursas as entidades ou as persoas que posúan a súa representación legal en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria das subvencións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Ter debidamente xustificadas as subvencións anteriormente concedidas polo Concello de Ferrol, excepto que aínda non transcorrese o prazo de xustificación correspondente. No caso de que no momento da concesión das subvencións haxa entidades beneficiarias con subvencións pendentes de xustificación, poderá continuar o procedemento condicionándose o pagamento a que estas xustificacións se produzan.

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

- Que se atopen ó corrente do pagamento das obrigas por reintegro de subvencións.
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores deberá comprobar que o persoal ó seu cargo non foi condenado por sentenza firme por calquera delito contra a liberdade e indemnidade sexuais tipificados no título VIII da Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal, así como por calquera delito de trata de seres humanos tipificado no título VII bis do Código Penal (Lei Orgánica 10/1995 modificada pola Lei Orgánica 4/2023, de 27 de abril, nos delitos contra a liberdade sexual), de acordo co disposto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.
- Cumprir a finalidade que fundamenta a concesión da subvención.
- Realizar as actividades e o funcionamento xeral da entidade axustándose ós termos da solicitude.
- Xustificar debidamente a cantidade percibida.
- Proporcionar ó departamento xestor e instrutor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira ós efectos de seguimento, avaliación e planificación.
- Facilitar a verificación do funcionamento da entidade a calquera responsable da xestión e/ou instrución do procedemento a través dos medios que se consideren axeitados.
- Someterse ás actuacións de comprobación dos servizos correspondentes por razón da materia e ás de control financeiro que correspondan á Intervención xeral do Concello de Ferrol e entregar a información que se lles requira.
- Non modificar a programación das actividades sen coñecemento e autorización expresa do Concello.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de catro anos, que se contarán dende a data da percepción ou cobramento da subvención, en tanto que poderán ser obxecto das correspondentes actuacións de comprobación e control.
- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- Facer constar a colaboración do Concello de Ferrol en toda a difusión (impresa, informática, de redes sociais ou audiovisual) que fixeran das actividades subvencionadas, así como na súa páxina web, de ser o caso.

  Calquera comunicación ou publicación das accións desenvolvidas ou calquera información ou materiais de promoción (coma folletos, carteis ou presentacións en formato electrónico, etc.) deberán incluír a imaxe institucional do Concello de Ferrol, así como lendas relativas ó financiamento municipal nun lugar que destaque adecuadamente.
- Empregar o idioma galego tanto na publicidade como nos programas e actividades.

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

- Declarar a obtención de subvencións ou axudas procedentes doutras administracións, de entidades públicas ou privadas ou de particulares para o mesmo obxecto.
- Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose ós termos destas bases específicas e de conformidade coa lexislación vixente.
- Dar o seu consentimento, cando proceda, ó tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Utilizar, con carácter xeral, unha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.
- Facilitar canta información puidese ser requirida polo Consello de Contas de Galicia e polo Tribunal de Contas do Estado.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ó seu goce ou á modificación da resolución de concesión, ó reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, así como cantas responsabilidades de toda orde poidan derivarse.

## BASE CUARTA – SOLICITUDES: PRAZO E FORMAS DE PRESENTACIÓN

### 4.1.- Prazo de presentación

**20 días hábiles** contados a partir do día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña de conformidade co procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será causa de exclusión a presentación de solicitude de subvención fóra do prazo establecido.

### 4.2.- Formas de presentación

As solicitudes de subvención deberán formularse a través do **modelo normalizado de solicitude ANEXO I** das presentes Bases, que estará dispoñible para a súa descarga na web do Concello de Ferrol **https://www.ferrol.gal/Sede/TaboleiroAnuncios** .

As entidades interesadas en participar deberán achegar a solicitude xunto coa documentación prevista na base 4.3 de maneira telemática a través do **Portal do Cidadán** na **Sede Electrónica** do Concello de Ferrol **https://www.ferrol.gal/Sede** mediante o procedemento **001 Solicitude Xenérica** ou ben a través dos restantes rexistros electrónicos ós que fai referencia o artigo 16.4 a) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación incondicional das presentes bases reguladoras.

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión, xustificación, desistencia e renuncia, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e emenda de deficiencias, así como os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

A entidade deberá dispor dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ó que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente e de xeito xustificado, poderán modificar este enderezo inicial sempre e cando se lle notifique a circunstancia pertinente ó Concello de Ferrol.

No caso de presentación de varias solicitudes por unha mesma entidade, só se terá en conta a última presentada que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

Non axustarse ós termos da correspondente convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**4.3.- Documentación da solicitude**

**4.3.1.- Documentación xeral**

A documentación que se achegará será a seguinte:

– Modelo normalizado de solicitude dirixida á Alcaldía do Concello de Ferrol (ANEXO I).

– Certificación da composición da xunta directiva no momento de presentar a solicitude.

– Certificación do número de socios/as activos/as da entidade.

– Certificación acreditativa do acordo de solicitude.

– Declaración de estar inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol.

– Certificación do nomeamento do/da representante para as relacións da entidade co Concello.

– Certificación do compromiso de facer constar a colaboración do Concello de Ferrol en toda a publicidade e difusión das actividades subvencionadas, así como no material empregado nas mesmas (camisetas, trofeos, bolsas...) adquirido coa subvención, inserindo en todo o material publicitario o logo institucional do Concello.

– Certificación do compromiso de obter as licenzas e as autorizacións preceptivas para o desenvolvemento das actividades.

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

- Acreditación da delegación da presidencia (no caso de que exista) na que se especifique o alcance da dita delegación (presentación de solicitudes de subvención e sinatura de toda a documentación necesaria para a súa tramitación). A dita acreditación realizarase mediante acordo da xunta directiva, poder notarial ou calquera outro medio válido de acreditación en dereito.
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, declaración responsable de que o persoal que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto da subvención cumpre os requisitos previstos no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia. No caso de que ningunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores deberá acreditalo de forma expresa mediante unha declaración responsable.
- Documento explicativo da actividade ou programa que se vai a realizar (memoria da actividade ou programa) segundo o modelo do ANEXO I.
- Declaración responsable de non ter obrigas pendentes coa facenda estatal, coa facenda da Comunidade Autónoma, coa facenda local e coa Seguridade Social. No suposto de solicitude de concesión de subvención superior a 3.000 €, a entidade solicitante deberá presentar os correspondentes certificados oficiais.
- Declaración responsable de cumprir os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario consonte o previsto no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Declaración responsable sobre a solicitude ou non doutras axudas procedentes doutras Administracións Públicas, entidades privadas ou de particulares para a mesma finalidade para a que se solicita subvención.

No caso de que algunha desta documentación xa estea en posesión do órgano xestor da subvención non será preciso entregala de novo, agás que se produza algún cambio na mesma. Deberá indicarse esta situación coa solicitude mediante unha declaración responsable de que a documentación xa está en posesión do órgano xestor e que non sufriu ningunha variación.

O Concello de Ferrol poderá solicitar, se o considera oportuno para a resolución do procedemento, calquera outros documentos que estime conveniente, así como a comprobación dos datos recollidos na solicitude.

**4.3.2.- Solicitude de subvención para actividades e programas de interese xeral que favorezan a dinamización veciñal nos barrios e nas parroquias (Liña 1)**

Cada actividade ou programa para a que se solicite axuda deberá estar perfectamente definido, debendo facer constar na memoria os seguintes parámetros:

- Denominación da actividade ou programa.
- Descrición da actividade ou programa (No suposto de tratarse dun programa, deberá relacionarse de xeito detallado as actividades que forman parte do mesmo coa correspondente descrición de cada unha delas).

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

- Lugar, datas e horarios de realización.
- Nº de prazas ou beneficiarios da actividade ou programa.
- Colectivos ós que se dirixe a actividade ou programa.
- Obxectivos que se pretenden obter co desenvolvemento da actividade ou programa.
- Orzamento da actividade ou programa onde faga constar o seu custo económico.
- % da axuda solicitada que como máximo poderá ser do 80 %, sendo por conta da entidade un mínimo de cofinanciamento do 20%.
- Detallar outros ingresos ou subvencións que tamén financien a actividade ou programa subvencionado (indicando, de ser o caso, o importe e a procedencia).

**Só se poderá solicitar subvención para un máximo de tres actividades ou programas**.

**4.3.3.- Solicitude de subvención para gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais (Liña 2)**

Neste suposto deberanse achegar, de ser o caso, tres relacións de gastos detallados:

- **I.- Relación de gastos de enerxía eléctrica** que a entidade sufragou con fondos propios entre o **01/01/2025 e o 31/12/2025**.
- **II.- Relación de gastos de alugueiro de locais** para o desenvolvemento de actividades que a entidade sufragou con fondos propios **(coa dita relación deberase achegar unha copia do contrato de alugueiro)**.
- **III.- Relación dos restantes gastos ordinarios de funcionamento** para os que se solicita subvención, debendo indicar o % da axuda solicitada que como máximo poderá ser do 80%, sendo por conta da entidade un mínimo de cofinanciamento do 20%.

**4.4.- Sinatura da documentación**

A documentación deberá vir asinada electronicamente como se indica:

- No caso das certificacións, pola secretaría co visto e prace da presidencia ou da persoa na que se delegue.
- No caso das declaracións, compromisos e doutra documentación, pola presidencia ou persoa na que se delegue.
- No caso das certificacións de gastos e ingresos, por quen exerza as funcións financeiras ou de tesourería e pola persoa que exerza a representación legal da entidade ou persoa na que se delegue.

Para estes efectos, deberán dispor de certificado dixital:

- Quen ocupe a presidencia da entidade ou quen teña delegadas as súas funcións.
- Quen ocupe a secretaría da entidade ou quen teña delegadas as súas funcións.
- Quen exerza as funcións financeiras ou de tesourería ou quen teña delegadas as súas funcións.

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

## BASE QUINTA – PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

### 5.1.- Órgano instrutor e órgano competente para a resolución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó negociado de Participación Cidadá.

O órgano competente para a resolución de concesión das subvencións será o concelleiro delegado de Contratación e Patrimonio, Organización Interna, Fomento, Emprego, Promoción Económica e Fondos Europeos (en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023, BOP da Coruña nº 241, de 20/12/2023).

### 5.2.- Cualificación das solicitudes

O negociado de Participación Cidadá, órgano instrutor do procedemento, revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen toda a documentación esixida. Se estivese incompleta ou defectuosa, requirirase ó solicitante para que no prazo de dez días hábiles achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude, consonte o previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O procedemento para a concesión das subvencións axustarase ó establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nas disposicións aplicables da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada Lei 38/2003, e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol.

### 5.3.- Valoración das solicitudes

A valoración das solicitudes corresponderalle a un órgano colexiado denominado Comisión de valoración, o cal será o encargado de formular a proposta de concesión ó órgano competente para adoptar a resolución a través do órgano instrutor.

A  Comisión de valoración que se constituirá para o efecto estará integrada por:

Presidencia: O concelleiro delegado de Contratación e Patrimonio, Organización Interna, Fomento, Emprego, Promoción Económica e Fondos Europeos ou o/a concelleiro/a no/na que delegue.

Vogais:

Un/unha representante de cada grupo municipal.
Un/unha técnico/a da área de Participación.
Dous/Dúas representantes das entidades veciñais que serán elixidos por sorteo de entre todas as asociacións veciñais inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol que presentasen solicitude de subvención dentro desta convocatoria, con voz e sen voto.

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

Secretario/a: Un/unha funcionario/a do negociado de Participación Cidadá, que actuará con voz e sen voto.

**A Comisión de valoración, trala avaliación das solicitudes presentadas de acordo cos criterios fixados nestas bases, emitirá un informe no que se concretará o resultado da mesma**.

**5.4.- Proposta de resolución de concesión provisional e reformulación**

O órgano instrutor, á vista do informe da Comisión de valoración, formulará ó órgano competente para resolver, o concelleiro delegado de Contratación e Patrimonio, Organización Interna, Fomento, Emprego, Promoción Económica e Fondos Europeos, unha proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivada, que deberá expresar a relación de solicitudes para as que se propón a concesión provisional das subvencións e a desestimación provisional das restantes solicitudes, que deberá notificárselle ás persoas interesadas concedéndose un prazo de 10 días hábiles para a presentación das alegacións que se estimen oportunas. No caso de non formular alegacións ou manifestar desistencia expresa, a subvención entenderase aceptada tacitamente.

A dita resolución de concesión provisional publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ferrol https://www.ferrol.gal/Sede/TaboleiroAnuncios segundo o regulado no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, por ser un acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

Cando o importe da subvención que se determine na proposta de resolución de concesión provisional sexa inferior ó importe solicitado, entenderase automaticamente reformulada a solicitude de subvención, non admitíndose ningún outro tipo de reformulación ou cambio do obxecto da solicitude presentada.

**5.5.- Proposta de resolución de concesión definitiva**

Rematado o trámite de audiencia e logo de examinar as alegacións presentadas polas entidades interesadas, o órgano instrutor formulará ó órgano competente para resolver, previo informe da Comisión de valoración, proposta de resolución de concesión definitiva.

A resolución conterá a relación de solicitudes ás que se lles concede a subvención e desestimación expresa das restantes solicitudes.

As propostas de resolución de concesión, tanto provisional como definitiva, non crean dereito algún a favor da persoa ou entidade beneficiaria proposta fronte ó Concello de Ferrol mentres non se lle notifique a resolución de concesión definitiva.

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

**5.6.- Notificación da resolución de concesión definitiva**

Unha vez ditada a resolución de concesión definitiva, notificaráselles ás entidades beneficiarias segundo o previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e publicarase no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Ferrol https://www.ferrol.gal/Sede/TaboleiroAnuncios segundo o regulado no artigo 45.1 b) da dita lei por ser un acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva.

O prazo máximo para resolver será de 9 meses contados dende o día de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co establecido no artigo 23.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O vencemento do dito prazo máximo sen notificar mediante a publicación da resolución lexitima ás entidades interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

**5.7.- Recursos procedentes contra a resolución do procedemento**

A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa.

Contra a dita resolución caberá a interposición do recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, en cuxo caso o prazo para a presentación do recurso contencioso-administrativo comezará a contar dende a notificación da resolución expresa do recurso. No caso de desestimación presunta (art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas), a interposición do recurso contencioso-administrativo non se suxeita a prazo de caducidade (sentenza do Pleno do TC STC 52/2014, de 10 de abril).

## BASE SEXTA – CRITERIOS DE OUTORGAMENTO DA SUBVENCIÓN E PONDERACIÓN DOS MESMOS

**As solicitudes valoraranse consonte os seguintes criterios de valoración:**

**LIÑA 1.- Actividades e programas de interese xeral que favorezan a dinamización veciñal nos barrios e nas parroquias:**

| CRITERIOS DE VALORACIÓN LIÑA 1 | | | |
|---|---|---|---|
| **CRITERIO** | | | **PUNTUACIÓN MÁXIMA** |
| **1** | **Número de socios** | | **Ata 5 puntos** |
| **Rango de puntuación:** | | | |
| Nº de socios/as | Ptos. | Nº de socios/as | Ptos. |

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| | | | |
|---|---|---|---|
| Ata 250 socios/as | 1 | De 651 a 850 socios/as | 4 |
| De 251 a 450 socios/as | 2 | Máis de 850 socios/as | 5 |
| De 451 a 650 socios/as | 3 | | |

**Rango de puntuación no suposto de federacións e agrupacións de asociacións veciñais:**

| Nº de entidades asociadas | Ptos. | Nº de entidades asociadas | Ptos. |
|---|---|---|---|
| Ata 5 entidades | 1 | De 16 a 20 entidades | 4 |
| De 6 a 10 entidades | 2 | Máis de 20 entidades | 5 |
| De 11 a 15 entidades | 3 | | |

| | | |
|---|---|---|
| **2** | **Poboación da área de influencia da entidade** | **Ata 20 puntos** |

**Rango de puntuación:**

| Poboación | Ptos. | Poboación | Ptos. |
|---|---|---|---|
| Ata 500 habitantes | 11 | De 4.001 a 5.000 habitantes | 16 |
| De 501 a 1.000 habitantes | 12 | De 5.001 a 6.000 habitantes | 17 |
| De 1.001 a 2.000 habitantes | 13 | De 6.001 a 7.500 habitantes | 18 |
| De 2.001 a 3.000 habitantes | 14 | De 7.501 a 9.000 habitantes | 19 |
| De 3.001 a 4.000 habitantes | 15 | Máis de 9.000 habitantes | 20 |

| | | |
|---|---|---|
| **3** | **Representación equilibrada de mulleres e homes na composición da xunta directiva** | **Ata 5 puntos** |

**Rango de puntuación:**

| Nº de mulleres | Ptos. |
|---|---|
| Menos do 20% dos membros da xunta directiva | 0 |
| Entre o 20% e o 40% dos membros da xunta directiva | 1 |
| Entre o 41% e o 60% dos membros da xunta directiva | 3 |
| Máis do 60% dos membros da xunta directiva | 5 |

| | | |
|---|---|---|
| **4** | **Propostas conxuntas e de colaboración con outras entidades para o desenvolvemento de actividades** | **Ata 5 puntos** |

**Rango de puntuación:**

| Nivel de colaboración | Ptos. |
|---|---|
| Sen colaboración con outras entidades cidadás | 0 |
| Colaboración cunha entidade cidadá | 1 |
| Colaboración con dúas entidades cidadás | 3 |
| Colaboración con máis de dúas entidades cidadás | 5 |

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| | | |
|---|---|---|
| **5** | **Número de persoas beneficiarias directas das actividades nas que se oferte un número limitado de prazas** | **Ata 10 puntos** |

**Rango de puntuación:**

| Beneficiarios/as | Ptos. | Beneficiarios/as | Ptos. |
|---|---|---|---|
| Ata 15 persoas | 2 | De 56 a 75 persoas | 8 |
| De 16 a 35 persoas | 4 | Máis de 75 persoas | 10 |
| De 36 a 55 persoas | 6 | | |

| | | |
|---|---|---|
| **6** | **Contido das actividades para as que se solicita subvención (Sectores ós que se dirixen e valoración da concreción na exposición e achega dunha memoria complementaria que amplíe información sobre os obxectivos, desenvolvemento, execución, recursos, cronoloxía, metodoloxía, comunicación inclusiva e linguaxe non sexista, avaliación, etc.)** | **Ata 10 puntos** |

**Rangos de puntuación:**

| Sectores ós que se dirixen as actividades (*infancia*, *mocidade*, *muller*, *terceira idade*) | Ptos. |
|---|---|
| Se non se dirixen a ningún colectivo | 0 |
| Se se dirixen a 1 colectivo | 1 |
| Se se dirixen a 2 colectivos | 3 |
| Se se dirixen a máis de 2 colectivos | 5 |
| Concreción na exposición e memoria complementaria | Ptos. |
| Se non hai concreción na exposición | 0 |
| Se hai concreción na exposición e se achega memoria complementaria informativa e detallada dos obxectivos, execución, recursos, cronoloxía, etc. das actividades | 5 |

| | | |
|---|---|---|
| **7** | **Experiencia na xestión e capacidade de dinamización do barrio ou da parroquia** | **Ata 10 puntos** |

**Rangos de puntuación:**

| Experiencia na xestión | Ptos |
|---|---|

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| | |
|---|---|
| Valorarase o grao de actividade realizada pola entidade durante o ano anterior a esta convocatoria tendo en conta o número de actividades executadas.<br><br>Puntuarase con 1 punto cada actividade ata un máximo de 6 puntos (No caso de programas, os puntos asignaranse por cada unha das actividades incluídas no programa). | Máximo<br>6 puntos |
| Capacidade de dinamización | Ptos. |
| Valorarase o número de persoas participantes nos programas e actividades do ano anterior a esta convocatoria. A asociación co maior número de persoas beneficiarias directas obterá 4 puntos e as demais valoraranse de xeito proporcional empregando a seguinte fórmula:<br><br>Puntos = 4 x (Nº de persoas participantes para valorar / Maior nº de persoas participantes).<br><br>O resultado redondearase ó número enteiro máis próximo. | Máximo<br>4 puntos |

| | | |
|---|---|---|
| **8** | **Localización xeográfica do local social da entidade e nivel de acceso a servizos e actividades municipais (zona urbana ou zona rural)** | **Ata 15 puntos** |

**Rango de puntuación:**

| Localización xeográfica | Ptos. |
|---|---|
| Zona urbana | 5 |
| Zona rural | 15 |

| | | |
|---|---|---|
| **9** | **Nivel de cofinanciamento**<br>**(achega de financiamento propio, como mínimo do 20%)** | **Ata 20 puntos** |

**Rango de puntuación:**

| % cofinanciamento | Ptos. | % cofinanciamento | Ptos. |
|---|---|---|---|
| 79-75% | 2 | 54-50% | 12 |
| 74-70% | 4 | 49-45% | 14 |
| 69-65% | 6 | 44-40% | 16 |
| 64-60% | 8 | 39-35% | 18 |
| 59-55% | 10 | < o = a 34% | 20 |

| | |
|---|---|
| **TOTAL PUNTOS LIÑA 1** | **100** |

**LIÑA 2.- Gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais:**

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| CRITERIOS DE VALORACIÓN LIÑA 2 | | |
|---|---|---|
| **CRITERIO** | | **PUNTUACIÓN MÁXIMA** |
| **1** | **Número de socios** | **Ata 5 puntos** |

**Rango de puntuación:**

| Nº de socios/as | Ptos. | Nº de socios/as | Ptos. |
|---|---|---|---|
| Ata 250 socios/as | 1 | De 651 a 850 socios/as | 4 |
| De 251 a 450 socios/as | 2 | Máis de 850 socios/as | 5 |
| De 451 a 650 socios/as | 3 | | |

**Rango de puntuación no suposto de federacións e agrupacións de asociacións veciñais:**

| Nº de entidades asociadas | Ptos. | Nº de entidades asociadas | Ptos. |
|---|---|---|---|
| Ata 5 entidades | 1 | De 16 a 20 entidades | 4 |
| De 6 a 10 entidades | 2 | Máis de 20 entidades | 5 |
| De 11 a 15 entidades | 3 | | |

| | | |
|---|---|---|
| **2** | **Poboación da área de influencia da entidade** | **Ata 20 puntos** |

**Rango de puntuación:**

| Poboación | Ptos. | Poboación | Ptos. |
|---|---|---|---|
| Ata 500 habitantes | 11 | De 4.001 a 5.000 habitantes | 16 |
| De 501 a 1.000 habitantes | 12 | De 5.001 a 6.000 habitantes | 17 |
| De 1.001 a 2.000 habitantes | 13 | De 6.001 a 7.500 habitantes | 18 |
| De 2.001 a 3.000 habitantes | 14 | De 7.501 a 9.000 habitantes | 19 |
| De 3.001 a 4.000 habitantes | 15 | Máis de 9.000 habitantes | 20 |

| | | |
|---|---|---|
| **3** | **Experiencia e capacidade de xestión (valorarase o grao de execución da subvención recibida no ano anterior a esta convocatoria)** | **Ata 20 puntos** |

**Rango de puntuación:**

| Grao de execución | Ptos. | Grao de execución | Ptos. |
|---|---|---|---|
| 100% | 20 | 74-70% | 8 |
| 99-95% | 18 | 69-65% | 6 |
| 94-90% | 16 | 64-60% | 4 |
| 89-85% | 14 | 59-55% | 2 |
| 84-80% | 12 | < 55% | 0 |
| 79-75% | 10 | | |

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| | | |
|---|---|---|
| **4** | **Contribución á vida asociativa da cidade (Valorarase o número de persoas participantes nas actividades nas que se ofertou un número limitado de prazas para as que se lle concedeu subvención no ano anterior a esta convocatoria)** | **Ata 10 puntos** |

**Rango de puntuación:**

| Nº persoas participantes | Ptos. | Nº persoas participantes | Ptos. |
|---|---|---|---|
| Ata 15 persoas | 2 | De 56 a 75 persoas | 8 |
| De 16 a 35 persoas | 4 | Máis de 75 persoas | 10 |
| De 36 a 55 persoas | 6 | | |

| | | |
|---|---|---|
| **5** | **Nivel de cofinanciamento**<br>**(achega de financiamento propio, como mínimo do 20%)** | **Ata 20 puntos** |

**Rango de puntuación:**

| % cofinanciamento | Ptos. | % cofinanciamento | Ptos. |
|---|---|---|---|
| 79-75% | 2 | 54-50% | 12 |
| 74-70% | 4 | 49-45% | 14 |
| 69-65% | 6 | 44-40% | 16 |
| 64-60% | 8 | 39-35% | 18 |
| 59-55% | 10 | < o = a 34% | 20 |

| | |
|---|---|
| **TOTAL PUNTOS LIÑA 2** | **75** |

## BASE SÉTIMA – DETERMINACIÓN DA CONTÍA DA SUBVENCIÓN

### 7.1.- Crédito orzamentario

O crédito orzamentario asignado é de **150.000,00 €** con cargo ó orzamento municipal do exercicio **2026**, distribuíndose entre as liñas de axudas do seguinte xeito e nas aplicacións orzamentarias que a continuación se indican:

| Liñas de axudas | Aplicación orzamentaria | Total crédito |
|---|---|---|
| **Liña 1**: Actividades e programas de interese xeral que favorezan a dinamización veciñal nos barrios e nas parroquias | 01103-9241-480.00 | **110,000.00 €** |
| **Liña 2:** Gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais. | 01103-9241-480.00 | **40,000.00 €** |

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

### 7.2.- Contía máxima da subvención

<table>
<tr><th colspan="3">Liña 1</th></tr>
<tr><td colspan="3">O importe total da subvención concedida con cargo á Liña 1 non poderá superar en ningún caso o límite máximo de 12.000,00 €.</td></tr>
<tr><th colspan="3">Liña 2</th></tr>
<tr><td colspan="3">Só poderán solicitar axuda para a Liña 2 aquelas entidades que opten á Liña 1.<br><br>O importe total da subvención concedida con cargo á Liña 2 configúrase pola suma de dúas compoñentes:</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Unha parte fixa</td><td colspan="2">Formada por dúas compoñentes:</td></tr>
<tr><td>Gastos de enerxía eléctrica</td><td>Correspóndese co importe dos gastos de enerxía eléctrica que soliciten aquelas entidades que teñen que sufragar con fondos propios os gastos desta natureza, ben cando o local social sexa de titularidade da mesma ou ben cando sexa alugado ou cedido, co obxecto de romper así cunha dinámica de discriminación histórica con respecto a outras entidades veciñais que non teñen que facer fronte a este tipo de gastos por estar a ocupar locais de titularidade municipal, xa que o Concello nestes casos faise cargo directamente deste tipo de gastos consonte o previsto no Regulamento de cesión de locais municipais.</td></tr>
<tr><td>Gastos de alugueiro de locais sociais</td><td>Correspóndese co importe dos gastos de alugueiro de locais que soliciten aquelas entidades que aínda dispoñendo dun local social este se quedase pequeno para o desenvolvemento anual das súas actividades.</td></tr>
<tr><td>Unha parte variable</td><td colspan="2">Determinarase consonte o establecido na base 7.3.2 destas Bases reguladoras específicas.<br><br>En ningún caso, a parte variable non poderá superar o 40% do importe total da subvención concedida na Liña 1.</td></tr>
</table>

**No suposto de quedar remanente de crédito nalgunha das dúas liñas unha vez realizada a valoración de todas as solicitudes presentadas, o remanente poderá destinarse ó financiamento das solicitudes da outra liña.**

**A porcentaxe máxima obxecto de subvención será do 80% do custo total, debendo achegar a entidade un cofinanciamento mínimo do 20%, agás a excepcionalidade prevista nestas bases para os gastos de subministro de enerxía eléctrica e alugueiro dun local social.**

### 7.3.- Determinación da contía da subvención

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

**7.3.1.- Cálculo do importe da subvención da Liña 1: Actividades e programas de interese xeral que favorezan a dinamización veciñal nos barrios e nas parroquias**

Tendo en conta o importe total desta Liña 1, que é de **110.000 €**, calcularase da seguinte forma:

Unha vez valoradas todas as solicitudes, en atención ó crédito dispoñible, a puntuación total obtida servirá para calcular o importe para subvencionar nesta liña mediante un sistema proporcional de reparto, calculado coa seguinte fórmula:

***Puntuación obtida x Cantidade global da Liña 1***
**-------------------------------------------------------------------------------**
***Puntuacións totais***

**Onde:**

- A **Puntuación obtida** é a suma total das puntuacións alcanzadas en cada criterio de valoración.
- A **Cantidade global da Liña 1** é o importe total a repartir entre todas as solicitudes.
- As **Puntuacións totais** é a suma das puntuacións de todos os solicitantes.

**O importe total da subvención concedida con cargo á Liña 1 non poderá superar en ningún caso o límite máximo de 12.000,00 €**.

Unha vez aplicada a fórmula para o cálculo dos importes das subvencións na Liña 1, no suposto de que houbese un sobrante na dita liña, aplicarase novamente a fórmula para un seguinte reparto e así sucesivamente ata esgotar o crédito da dita liña.

**7.3.2.- Cálculo do importe da subvención da Liña 2: Gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais**

Tendo en conta o importe total desta Liña 2, que é de **40.000,00 €**, calcularase da seguinte forma:

- **Unha** <u>**parte fixa**</u> **que está integrada polos gastos de enerxía eléctrica e polos gastos de alugueiro de locais** previstos na base 7.2 das presentes bases.

- **Unha** <u>**parte variable**</u>, que unha vez valoradas todas as solicitudes e en atención ó crédito dispoñible, logo de detraer ó importe total desta liña a compoñente fixa da subvención a que se refire o paragrafo anterior, e a puntuación total obtida, servirá para calcular o importe para subvencionar mediante un sistema proporcional de reparto, calculado coa seguinte fórmula:

***Puntuación obtida x Cantidade global sobrante da Liña 2***
**-----------------------------------------------------------------------------------------**
***Puntuacións totais***

**Onde:**

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

– A **Puntuación obtida** é a suma total das puntuacións alcanzadas en cada criterio de valoración.
– A **Cantidade global sobrante da Liña 2** é o importe total a repartir entre todas as solicitudes logo de descontar a parte fixa desta liña correspondente ós gastos de enerxía eléctrica e gastos de alugueiro de locais.
– As **Puntuacións totais** é a suma das puntuacións de todos os solicitantes.

Unha vez aplicada a fórmula para o cálculo dos importes das subvencións na Liña 2, no suposto de que houbese un sobrante na dita liña, no que respecta á parte variable, aplicarase novamente a fórmula para un seguinte reparto e así sucesivamente ata esgotar o crédito da dita liña.

**BASE OITAVA – FORMA DE PUBLICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS E MEDIO NO QUE SE REALIZARÁ**

Unha vez ditada a resolución de concesión definitiva, notificaráselles ás entidades beneficiarias segundo o previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e publicarase no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Ferrol https://www.ferrol.gal/Sede/TaboleiroAnuncios segundo o regulado no artigo 45.1 b) da dita lei por ser un acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva.

Así mesmo, para os efectos do seu coñecemento remitiranse á Base de Datos Nacional de Subvencións as subvencións concedidas de conformidade co previsto no artigo 20.8 b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**BASE NOVENA – DIFUSIÓN POLO BENEFICIARIO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

A entidade beneficiaria deberá facer constar a colaboración do Concello de Ferrol en toda difusión que se faga das actividades subvencionadas (impresa, informática, de redes sociais ou audiovisual), así como na súa páxina web, de ser o caso.

Calquera comunicación ou publicación das accións desenvolvidas ou calquera información ou materiais de promoción (coma folletos, carteis ou presentacións en formato electrónico, etc.) deberán incluír a imaxe institucional do Concello de Ferrol, así como as lendas relativas ó financiamento municipal nun lugar que destaque adecuadamente.

Así mesmo, o material empregado nas actividades subvencionadas (camisetas, trofeos, bolsas, ...) deberá levar inserido o logo institucional do Concello.

**BASE DÉCIMA – GASTOS OBXECTO DE SUBVENCIÓN**

**10.1.- Liña 1.- Actividades e programas de interese xeral que favorezan a dinamización veciñal nos barrios e nas parroquias:**

**Serán obxecto de subvención os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actividades e programas de interese xeral para a veciñanza que se realicen entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026**.

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

Enténdense por gastos correntes necesarios para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral os seguintes:

| | |
|---|---|
| Gastos de persoal | Nóminas e custos de seguridade social a cargo da entidade, etc. |
| Gastos de publicidade e difusión | Carteis, materiais de imprenta, publicidade en medios, etc. |
| Gastos de transporte específicos das actividades | Autocares, billetes de tren, de avión, etc. (Non se admitirán neste concepto os gastos correspondentes a viaxes de ocio e gastos de manutención realizados por persoal das entidades) |
| Gastos de materiais funxibles específicos das actividades | Todo tipo de material funxible vinculado ó desenvolvemento das actividades. |
| Gastos de asistencias técnicas externas | Monitores/as, relatores/as, profesorado, coordinador/a de actividades, etc. |
| Gastos de cortesías de colaboración relacionadas coa actividade ou programa | **Agasallos, placas conmemorativas, etc., ata un máximo do 10% do total da subvención outorgada para a actividade**. **Non se admitirán as cortesías gastronómicas**. |
| Gastos financeiros directamente relacionados coa actividade subvencionada | Comisións bancarias |
| Gastos de alugueiro | Alugueiro de medios e recursos directamente relacionados co desenvolvemento das actividades subvencionadas. |

**10.2.- Liña 2.- Gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais:**

**Serán obxecto de subvención os gastos ordinarios de funcionamento** necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais que se realicen **entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026**, **agás no caso dos gastos derivados da subministración de enerxía eléctrica** onde serán obxecto de subvención aqueles que foron aboados pola entidade no período comprendido **entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025**.

Enténdense por gastos ordinarios de funcionamento necesarios para o cumprimento dos fins propios das entidades veciñais os seguintes:

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| | |
|---|---|
| Gastos de subministración | - Enerxía eléctrica.<br>- Gasóleo para calefacción.<br>- Gas natural, propano ou butano para calefacción.<br>- Auga |
| Gastos de xestión | Materiais de administración, fotocopias, papel, grampas, bolígrafos, consumibles informáticos, etc. |
| Gastos de comunicación | Gastos de teléfono e conexión a internet, gastos postais, subscricións a xornais de prensa diaria, etc. |
| Gastos de mantemento | - Gastos de pequenos arranxos, de mantemento e de conservación do local social que non teñan carácter de inventariables.<br>- Gastos de limpeza do local social.<br>- Gastos de alarmas e de seguros do local social.<br>- Gastos de reparacións e mantemento de equipos informáticos que non teñan carácter de inventariables. |
| Gastos de alugueiro | Exclusivamente os gastos derivados do arrendamento do local (Base impoñible + IVE) |
| Gastos de persoal administrativo contratado para o funcionamento ordinario da asociación | Retribucións salariais e cotas á seguridade social, etc. |
| Gastos de asesoramento | Xurídico, fiscal, laboral, etc. |

**10.3.- Subcontratación**

A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención, quedando fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada (artigo 29.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións).

Non se admitirá en ningún caso a subcontratación nos supostos previstos no artigo 29.7 da Lei xeral de subvencións.

**BASE UNDÉCIMA – FORMA E REQUISITOS ESIXIDOS PARA O PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS. PAGAMENTOS ANTICIPADOS**

**11.1.- Pagamento das subvencións**

De acordo co disposto na artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o pagamento da subvención realizarase previa xustificación pola entidade

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

beneficiaria da realización da actividade ou proxecto para o cal se concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

Pagamento das subvencións segundo os importes xustificados:

- No caso de que se xustifique un gasto por un importe **igual ou superior á cantidade que se deba xustificar, aboarase a totalidade da subvención**.
- No caso de que se xustifique un gasto por un importe **inferior ó 100% e igual ou superior ó 50% da cantidade que se deba xustificar** consonte á subvención concedida, **aboarase a parte proporcional da subvención**.
- No caso de que se xustifique un gasto por un importe **inferior ó 50% da cantidade que se deba xustificar** consonte a subvención concedida, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que **non se aboará cantidade algunha**.

**11.2.- Pagamentos anticipados**

Realizarase o pagamento anticipado do 60% do importe concedido, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

O 40% restante do importe concedido aboarase trala xustificación total da subvención.

## BASE DUODÉCIMA – PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN POLA ENTIDADE BENEFICIARIA DO CUMPRIMENTO DA FINALIDADE DA SUBVENCIÓN E DA APLICACIÓN DOS FONDOS PERCIBIDOS

**12.1.- Prazo de xustificación**

**O prazo para a xustificación das subvencións rematará o 31 de xaneiro de 2027**.

No caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Transcorrido o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento entenderase que desiste da súa petición, ditando resolución neste sentido que será notificada á entidade beneficiaria.

**12.2.- Forma de xustificación**

As entidades beneficiarias da subvención virán obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.

O importe a xustificar será o 100% do gasto executado (importe da subvención máis o importe de cofinanciamento).

**12.3.- Documentación xustificativa**

Para a xustificación da subvención as entidades beneficiarias deberán presentar no **Portal do Cidadán** da **Sede Electrónica** do Concello de Ferrol **https://www.ferrol.gal/Sede** ou ben a través dos restantes rexistros electrónicos ós que fai referencia o artigo 16.4 a) da

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o **formulario ANEXO II** asinado polo/pola representante da asociación designado/a para a tramitación da subvención.

Xunto co formulario indicado entregarase a seguinte documentación:

- Memorias asinadas polo/pola representante da entidade das actividades subvencionadas, xustificativas do cumprimento do obxecto da subvención concedida, indicando cando menos:

  a) As actividades realizadas (denominación e descrición do desenvolvemento das mesmas).
  b) Lugar de desenvolvemento, datas e horarios de realización.
  c) Nº de persoas beneficiarias.
  d) Colectivos ós que se dirixiron as actividades.
  e) Resultados obtidos co desenvolvemento das actividades.
  f) Mostra, de ser o caso, da publicidade que se fixo das actividades (publicacións, folletos, revistas, carteis, etc).
  g) De ser o caso, reportaxe fotográfica ou ben imaxes acreditativas do desenvolvemento das actividades sempre e cando as entidades conten coa debida autorización para poder obtelas. Non obstante, será obrigatorio achegar acreditación gráfica (link, fotografía ou imaxe) do cumprimento das obrigas en materia de publicidade institucional previstas na base novena, en especial, no relativo a incluír a imaxe institucional do Concello de Ferrol, así como lendas relativas ó financiamento municipal nun lugar que destaque adecuadamente.

- Facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total da subvención concedida, ó abeiro do establecido no artigo 30.3) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, nas que se inclúa a seguinte dilixencia asinada electronicamente polo/pola responsable da entidade beneficiaria:

  "*Dilixencia: En cumprimento da Lei 38/2003 esta factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención da subvención do Concello de Ferrol, da área de Participación Cidadá, do ano 2026*".

  As facturas deberán estar emitidas con data límite de 31 de decembro de 2026, agás a excepción das facturas de enerxía eléctrica da Liña 2.

  Ó abeiro do Plan xeral de prevención de riscos e de medidas antifraude do Concello de Ferrol aprobado polo Concello Pleno na sesión de data 19/08/2022, para os efectos das oportunas comprobacións para a avaliación do seu axuste ós prezos de mercado, xa sexa nas propias facturas ou ben mediante outros documentos acreditativos, deberase recoller nelas os seguintes extremos:

    * No caso de actividades con oferta de prazas (obradoiros, cursos, etc.), deberá recollerse de xeito detallado o período temporal do seu desenvolvemento, con indicación do numero de horas facturadas por cada mes e do importe unitario da

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

hora. No suposto de que a facturación sexa por alumno/a, deberá indicarse o número de alumnos/as por cada mes e o prezo por alumno/a.

* No caso de servizos prestados por profesionais, empresas ou outras entidades, deberá recollerse a descrición das operacións, así como a data ou período temporal no que se efectuaron, con indicación de todos os datos necesarios para a determinación da base impoñible do imposto correspondente ás ditas operacións, incluíndo o prezo unitario sen imposto, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído en dito prezo unitario.

Nos supostos de facturas exentas do IVE, deberá constar nelas unha referencia ó precepto da correspondente Lei do Imposto con indicación de que a operación está exenta.

– Xustificantes de pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (No caso de pagamento por transferencia bancaria: xustificante bancario; no caso de pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón; no caso de transferencia electrónica: xustificante impreso).

  Nos supostos de pagamento por cheque, os cheques deberán ser nominativos, debendo recollerse nos mesmos o nome e apelidos do perceptor no caso de persoas físicas ou ben a denominación da entidade ou empresa perceptora no caso de persoas xurídicas.

– Relación clasificada dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, e no seu caso, a data de pagamento, de acordo co artigo 72 do R.d. 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

– Declaración sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración Pública, entidades privadas ou de particulares.

– Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos.

– Certificacións de estar ó corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario (estatais, autonómicas e locais) e das obrigas coa Seguridade Social. Conforme o artigo 24.4 do R.d. 887/2006, do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a presentación da declaración responsable substituirá a estas certificacións naquelas subvencións nas que a contía outorgada a cada entidade beneficiaria non supere o importe de 3.000 €.

**BASE DÉCIMO TERCEIRA – CIRCUNSTANCIAS QUE, COMO CONSECUENCIA DA ALTERACIÓN DAS CONDICIÓNS TIDAS EN CONTA PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN, PODERÁN DAR LUGAR Á MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou de entidades privadas ou de particulares poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

**BASE DÉCIMO CUARTA – COMPATIBILIDADE OU INCOMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS, AXUDAS, INGRESOS OU RECURSOS PARA A MESMA FINALIDADE PROCEDENTES DE CALQUERA ADMINISTRACIÓN OU ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS, NACIONAIS, DA UNIÓN EUROPEA OU DE ORGANISMOS INTERNACIONAIS**

As subvencións reguladas nestas bases son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración, de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, ou de particulares. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas supere o custo da actividade ou obxecto subvencionado.

No caso de solicitar ou recibir unha subvención ou outra axuda posteriormente á presentación da solicitude inicial, a entidade deberá comunicar esta circunstancia ó Concello de Ferrol.

**BASE DÉCIMO QUINTA – CRITERIOS DE GRADACIÓN DOS POSIBLES INCUMPRIMENTOS DAS CONDICIÓNS IMPOSTAS**

De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibida xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención outorgada, así como a esixencia do reintegro e demais responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da xustificación neste prazo excepcional ou no período comprendido entre a finalización do prazo de xustificación e a notificación do prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que conforme á Lei xeral de subvencións lle correspondan previa incoación e tramitación do expediente sancionador correspondente segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 20% do importe da subvención co límite de 450 €. O prazo contarase dende o día seguinte á data de remate do prazo máximo de xustificación.

- Atraso na presentación da xustificación superior a un mes e ata tres meses: sanción do 30% do importe da subvención co límite de 800 €. O prazo contarase dende o día seguinte á data de remate do prazo máximo de xustificación.

- Atraso na presentación da xustificación superior a tres meses: sanción do 40% do importe da subvención co límite de 900 €. O prazo contarase dende o día seguinte á data de remate do prazo máximo de xustificación.

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

A tramitación do expediente de pagamento da subvención suspenderase durante a tramitación do expediente sancionador. Aplicarase a compensación para o cobramento da sanción.

**BASE DÉCIMO SEXTA – REVOGACIÓN (PERDA DO DEREITO Ó COBRO) E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS**

Producirase a revogación do acto de concesión validamente adoptado coa conseguinte perda do dereito ó cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou xustificación insuficiente, falta de achega da documentación requirida e demais causas de reintegro previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como as que se contemplan no artigo 30 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol.

O procedemento de reintegro rexerase polo disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento, así como no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol.

**BASE DÉCIMO SÉTIMA – USO DA LINGUA GALEGA E DUNHA LINGUAXE NON DISCRIMINATORIA**

As comunicacións co Concello de Ferrol así como as difusións relativas ó obxecto destas subvencións deberán realizarse en galego en cumprimento da Ordenanza municipal de Normalización Lingüística. Igualmente empregarase unha linguaxe non discriminatoria nin excluínte do xénero feminino.

**BASE DÉCIMO OITAVA – RECURSOS E IMPUGNACIÓNS**

As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas poderán ser impugnados polos interesados nos termos establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

**DISPOSICIÓN FINAL**

Será de aplicación, en todo aquelo que non se regulase nestas bases, a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol (BOP da Coruña nº 200, de data 21/10/2019), modificada por acordo plenario de data 29/07/2024 (BOP nº 191, de 03/10/2024) e, no seu defecto, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, de 18 de novembro de 2003), a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, de 25 de xuño de 2007), o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (BOE nº 176, de 25 de xullo de 2006) e demais normativa concordante e de pertinente aplicación.

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| FERROL Concellería de Participación | **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**<br>Convocatoria de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol do **ANO 2026** | **ANEXO I** |
|---|---|---|

| **DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE** | | |
|---|---|---|
| **NIF** | **Denominación** | **N.º rexistro municipal** |
| | | |
| **Enderezo completo (incluír o código postal)** | | |
| | | |
| **Teléfono / Móbil** | **Correo electrónico para os efectos de notificación** | |
| | | |

| **DATOS DO/DA REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE** | | | |
|---|---|---|---|
| **DNI** | **Nome** | **Primeiro apelido** | **Segundo apelido** |
| | | | |
| **Teléfono / Móbil** | **Correo electrónico para os efectos de notificación** | | |
| | | | |

| **SUBVENCIÓN QUE SE SOLICITA** | **Importe TOTAL presuposto** | **Importe TOTAL subvención** |
|---|---|---|
| **Liña 1.- Gastos de actividades e programas de** | € | € |
| **Liña 2.- Gastos ordinarios de funcionamento *:** | € | € |
| *** (*Só poderán solicitar axuda nesta liña aquelas entidades que opten á Liña 1*)** | | |

| **DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA COA SOLICITUDE** |
|---|
| A que se especifica nas bases reguladoras e na convocatoria |

Coa presente solicitude declaro que coñezo e acepto as bases reguladoras específicas da presente convocatoria de subvencións con todas as súas obrigas que da mesma se deriven e, ademais, declaro baixo a miña responsabilidade que todos os datos consignados son certos.

| O/a representante,<br>Asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe |
|---|
| Sinatura: |

**Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ferrol**

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| FERROL Concellería de Participación | **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN** Convocatoria de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol do **ANO 2026** | **ANEXO I** |
|---|---|---|

# CERTIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

| | | |
|---|---|---|
| **Don/** | | |
| **con DNI** | | **como secretario/a da entidade** |
| | | |
| **con NIF** | | |

**CERTIFICO:**

**que os membros da xunta directiva cuxo mandato atópase en vigor son os seguintes:**

| Cargo | Nome e apelidos | DNI |
|---|---|---|
| **Presidente/a** | | |
| **Vicepresidente/a** | | |
| **Secretario/a** | | |
| **Vicesecretario/a** | | |
| **Tesoureiro/a** | | |
| **Vicetesoureiro/a** | | |
| **1º vogal** | | |
| **2º vogal** | | |
| **3º vogal** | | |
| **4º vogal** | | |
| **5º vogal** | | |

**Representación de mulleres e homes na composición da xunta directiva**

| | | | |
|---|---|---|---|
| **N.º de mulleres** | | **N.º de homes** | |

E para que conste, asínase dixitalmente na data e hora indicada á marxe a presente certificación co visto e prace do/da presidente/a.

| O/a secretario/a | Visto e prace, o/a presidente/a |
|---|---|
| | |
| Sinatura: | Sinatura: |

**Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ferrol**

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| FERROL<br>Concellería de Participación | **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**<br>Convocatoria de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol do **ANO 2026** | **ANEXO I** |
|---|---|---|

# CERTIFICACIÓN

| **Don/** | | |
|---|---|---|
| **con DNI** | | **como secretario/a da entidade** |
| | | |
| **con NIF** | | |

| **CERTIFICO:** | | |
|---|---|---|
| **1º.-** | Que na reunión da xunta directiva celebrada o día | |
| | acordouse a presentación dunha solicitude de subvención na convocatoria de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol do ano 2026. | |
| **2º.-** | Na mesma data acordouse, ademais, nomear como/a representante da entidade para as relacións co Concello de Ferrol a: | |
| | | DNI |
| | podendo exercitar as seguintes facultades: formular solicitudes de subvención, aportar documentos requiridos, recibir todo tipo de comunicacións, presentar escritos e alegacións, manifestar decisións de non efectuar alegacións nin aportar novos documentos e, en xeral, realizar cantas actuacións correspondan á | |
| **3º.** | Que o número de socios/as activos/as desta entidade é de | |
| **4º.-** | Que a entidade comprométese a facer constar a colaboración do Concello de Ferrol en toda a publicidade e difusión das actividades subvencionadas, así como no material empregado nas mesmas (camisetas, trofeos, bolsas, etc.) adquirido coa subvención, inserindo en todo o material publicitario o logo institucional do | |
| **5º.-** | Que a entidade comprométese a obter as licenzas e as autorizacións preceptivas para o desenvolvemento das actividades. | |

| E para que conste, asínase dixitalmente na data e hora indicada á marxe a presente certificación co visto e prace do/da presidente/a. | |
|---|---|
| O/a secretario/a | Visto e prace, o/a presidente/a |
| | |
| Sinatura: | Sinatura: |

**Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ferrol**

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| FERROL<br>Concellería de Participación | **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**<br>Convocatoria de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol do **ANO 2026** | **ANEXO I** |
|---|---|---|

# DECLARACIÓN RESPONSABLE

(*Formulada nos termos e cos requisitos previstos no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas*).

| | | |
|---|---|---|
| **Don/** | | |
| **con DNI** | | **como presidente/a da entidade** |
| | | |
| **con NIF** | | |

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

**1º.-** Que a entidade que represento está ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia e co Concello de Ferrol, así como das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, que dispoño da documentación que así o acredita, que poñerei a dispor do Concello cando me sexa requirida e comprométome a manter este requisito durante todo o tempo da tramitación do expediente e do dereito á cobranza da subvención quedando obrigado a comunicar ao

**2º.-** Que a entidade que represento figura inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol e cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria consonte ó previsto no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral

**3º.-** Que en relación con outras axudas procedentes de Administracións Públicas ou de entidades privadas ou de particulares, a entidade que represento:

| | |
|---|---|
| | **NON** solicitou axudas para esta mesma finalidade |
| | **SI** solicitou as seguintes axudas para esta mesma finalidade: |

| Indicar a procedencia da axuda: | Solicitado | Concedido |
|---|---|---|
| | € | € |
| | € | € |

**4º.-** Que os importes non subvencionables se financian con:

| | |
|---|---|
| | Fondos propios |
| | Outros: |

| |
|---|
| O/a presidente/a, asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe |
| Sinatura: |

**Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ferrol**

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| FERROL Concellería de Participación | **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN** Convocatoria de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol do **ANO 2026** | **ANEXO I** |
|---|---|---|

# DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE O CUMPRIMENTO DA NORMATIVA NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES QUE IMPLIQUEN CONTACTO CON MENORES

(*De conformidade co previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas*).

| **Don/** | | |
|---|---|---|
| **con DNI** | | **como presidente/a da entidade** |
| | | |
| **con NIF** | | |

**DECLARO** (***marcar cunha X o que proceda segundo o caso***):

| | |
|---|---|
| | Que ningunha das actividades obxecto de subvención implica o contacto habitual con menores. |
| | Que o persoal que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto de subvención que implican contacto con menores cumpre os requisitos previstos no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia. **(1)** |

| O/a presidente/a, asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe |
|---|
| Sinatura: |

**(1)** Artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia: *"Será requisito para o acceso e exercicio de calquera profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con persoas menores de idade, o non haber sido condenado por sentenza firme por calquera delito contra a liberdade e indemnidade sexuais tipificados no título VIII da Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal, así como por calquera delito de trata de seres humanos tipificado no título VII bis do Código Penal. A tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais."* (Lei Orgánica 10/1995 modificada pola Lei Orgánica 4/2023, de 27 de abril, nos delitos contra a liberdade sexual).

**Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ferrol**

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| | | |
|---|---|---|
| **FERROL** **Concellería de Participación** | **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN** Convocatoria de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol do **ANO 2026** | **ANEXO I** |

| **LIÑA 1** | **ACTIVIDADES E PROGRAMAS DE INTERESE XERAL** |
|---|---|
| **MEMORIA** | **PROGRAMA OU ACTIVIDADE** |

| **ENTIDADE SOLICITANTE** | **NIF** |
|---|---|
| | |
| **Denominación do programa ou actividade** | |
| | |
| Breve descrición do programa ou actividade | |
| | |
| Breve descrición dos obxectivos que se pretenden obter co seu desenvolvemento | |
| | |
| Lugar de desenvolvemento | |
| Datas ou períodos de realización | |
| Horarios de realización | |
| N.º de prazas ofertadas ou n.º estimado de persoas beneficiarias | |

| Colectivos ós que se dirixe: | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Xeral | | Muller | | Maiores | | Infancia | | Xuventude |
| | Outros | | | | | | | | |

| O/a presidente/a, asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe |
|---|
| Sinatura: |

**Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ferrol**

| | | |
|---|---|---|
| **FERROL** **Concellería de Participación** | **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN** Convocatoria de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol do **ANO 2026** | **ANEXO I** |

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| LIÑA 1 | ACTIVIDADES E PROGRAMAS DE INTERESE XERAL |
|---|---|
| RELACIÓN DE GASTOS PROPIOS | PROGRAMA OU ACTIVIDADE |

| ENTIDADE SOLICITANTE | NIF |
|---|---|
| | |

| Denominación do programa ou actividade |
|---|
| |

| Gastos previstos | | Financiamento previsto | |
|---|---|---|---|
| | € | Subvención do Concello de Ferrol (non poderá superar o 80% | € |
| | € | | |
| | € | Achega da entidade veciñal | € |
| | € | Outras axudas ou subvencións: | |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| **TOTAL:** | **€** | **TOTAL:** | **€** |

| Asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe | |
|---|---|
| O/a secretario/a | O/a tesoureiro/a |
| | |
| Sinatura: | Sinatura: |

**Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ferrol**

| FERROL Concellería de Participación | **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN** Convocatoria de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol do **ANO 2026** | ANEXO I |
|---|---|---|

| LIÑA 1 | ACTIVIDADES E PROGRAMAS DE INTERESE XERAL |
|---|---|

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| MEMORIA | PROGRAMA OU ACTIVIDADE |
|---|---|

| ENTIDADE SOLICITANTE | NIF |
|---|---|
| | |
| **Denominación do programa ou actividade** | |
| | |
| Breve descrición do programa ou actividade | |
| | |
| Breve descrición dos obxectivos que se pretenden obter co seu desenvolvemento | |
| | |
| Lugar de desenvolvemento | |
| Datas ou períodos de realización | |
| Horarios de realización | |
| N.º de prazas ofertadas ou n.º estimado de persoas beneficiadas | |
| Colectivos ós que se dirixe: | |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Xeral | | Muller | | Maiores | | Infancia | | Xuventude |
| | Outros | | | | | | | | |

| O/a presidente/a, asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe |
|---|
| Sinatura: |

**Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ferrol**

| FERROL<br>Concellería de Participación | SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN<br>Convocatoria de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol do **ANO 2026** | ANEXO I |
|---|---|---|

| LIÑA 1 | ACTIVIDADES E PROGRAMAS DE INTERESE XERAL |
|---|---|

| RELACIÓN DE GASTOS PROPIOS | PROGRAMA OU ACTIVIDADE |
|---|---|

| ENTIDADE SOLICITANTE | NIF |
|---|---|

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| | |
|---|---|
| | |

| Denominación do programa ou actividade |
|---|
| |

| Gastos previstos | | Financiamento previsto | |
|---|---|---|---|
| | € | Subvención do Concello de Ferrol (non poderá superar o 80% | € |
| | € | | |
| | € | Achega da entidade veciñal | € |
| | € | Outras axudas ou subvencións: | |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| **TOTAL:** | **€** | **TOTAL:** | **€** |

| Asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe | |
|---|---|
| O/a secretario/a | O/a tesoureiro/a |
| | |
| Sinatura: | Sinatura: |

**Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ferrol**

| | | |
|---|---|---|
| FERROL<br>**Concellería de Participación** | **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**<br>Convocatoria de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol do **ANO 2026** | **ANEXO I** |

| LIÑA 1 | ACTIVIDADES E PROGRAMAS DE INTERESE XERAL |
|---|---|
| **MEMORIA** | **PROGRAMA OU ACTIVIDADE** |

| ENTIDADE SOLICITANTE | NIF |
|---|---|
| | |

| Denominación do programa ou actividade |
|---|

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| |
|---|
| |
| Breve descrición do programa ou actividade |
| |
| Breve descrición dos obxectivos que se pretenden obter co seu desenvolvemento |
| |

| | |
|---|---|
| Lugar de desenvolvemento | |
| Datas ou períodos de realización | |
| Horarios de realización | |
| N.º de prazas ofertadas ou n.º estimado de persoas beneficiarias | |

Colectivos ós que se dirixe:

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Xeral | | Muller | | Maiores | | Infancia | | Xuventude |
| | Outros | | | | | | | | |

| |
|---|
| O/a presidente/a, asinado dixitalmente na data e hora indicada á marxe |
| Sinatura: |

**Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ferrol**

| | | |
|---|---|---|
| FERROL<br>**Concellería de Participación** | **SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**<br>Convocatoria de subvencións a entidades veciñais do Concello de Ferrol do **ANO 2026** | **ANEXO I** |

| | |
|---|---|
| **LIÑA 1** | **ACTIVIDADES E PROGRAMAS DE INTERESE XERAL** |
| **RELACIÓN DE GASTOS PROPIOS** | **PROGRAMA OU ACTIVIDADE** |

| **ENTIDADE SOLICITANTE** | **NIF** |
|---|---|
| | |

| **Denominación do programa ou actividade** |
|---|
| |

| **Gastos previstos** | | **Financiamento previsto** | |
|---|---|---|---|
| | € | Subvención do Concello de Ferrol | € |

Pode verificar a integridade de este documento en: https://www.ferrol.gal menú Sede electrónica - Verificación de documentos, co código de verificación:DGAMANW9Y8RFRCX8

| | | | |
|---|---|---|---|
| | € | Ferrol (non poderá superar o 80% | |
| | € | Achega da entidade veciñal | € |
| | € | Outras axudas ou subvencións: | |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| | € | | € |
| **TOTAL:** | **€** | **TOTAL:** | **€** |

